

A LEDICIA DE LER

“Dúas voces recobradas”

CARLOS CASARES

La Voz de Galicia. 19 de xaneiro de 1975



DOCUMENTOS DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES

La Voz de Galicia

A LEDICIA DE LER é unha sección que Carlos Casares publicou en *La Voz de Galicia* de 1975 a 1980, onde trataba temas literarios e lingüísticos, ademais de dar conta das novidades editoriais da época. O texto está adaptado á normativa galega actual. Queremos agradecerlle a *La Voz de Galicia* a cortesía manifestada en todo momento e as facilidades para achegar este material ao público.

Dúas voces recobradas

CARLOS CASARES – LA VOZ DE GALICIA. 19 DE XANEIRO DE 1975

O día 17 de setembro de 1754, o xesuíta madrileño Esteban Terreros escríbelle unha carta ao P. Sarmiento para preguntarlle, entre outras cuestións, pola orixe da lingua galega. O sabio bieito, que está pasando unha tempada en Pontevedra, lonxe dos cinco mil libros que materialmente empapelan as paredes da súa cela do convento da San Martín, en Madrid, vese obrigado a contestar con “parola, sin libros, a pulso y de casquis”.

Para el, a orixe do galego non debe buscarse máis alá do latín, evitando imitar o proceder desas familias que alugan xenealoxistas co único fin de que lle atrasen a nobreza ata o mesmo ovo de Leda. O galego –di el- é latín derramado, como o portugués, o castelán, o catalán, o provenzal, o francés, o italiano..., aínda que no seu léxico hai tamén voces prelatinas. E para estudalo propón a creación de tres dicionarios: un do latín dos documentos medievais, outro do galego empregado nos documentos ata o tempo de Carlos V, e un terceiro do galego falado. Estes dicionarios iluminaríanse mutuamente e servirían para coñecer a historia deste idioma “tan desconocido de todos y tan despreciado aún de los paisanos”. Mentres tanto, el confesa que se divirte en coller voces galegas, en especial as que significan vexetais, pois é do sentir de que antes de buscar a orixe dunha lingua viva débese formar un catálogo do léxico vulgar da Historia Natural.

Algúns anos despois, un frade de Beade (Ribadavia), o P. Sobreira, que alá por 1785 andaba polo convento de San Martín ordenando os papeis do P. Sarmiento, vai

aproveitar as ideas e os proxectos deste –aínda que non o confese por culpa da súa vaidade- para escribir un “Diccionario histórico filológico general” da lingua galega, cuxo manuscrito, segundo Neira de Mosquera, tería trece tomos en cuarto, o que parece demasiado. Canto sabemos hoxe dese dicionario son noticias que o propio autor nos deixou na “Idea de un diccionario de la lengua gallega” e no “Ensayo para la historia general botánica de Galicia”. Neste último, a petición de don Casimiro Gómez de Ortega e de Xosé Cornide, inclúe un vocabulario de nomes de plantas que comprenden a letra A e o comezo da B, e ten un grande interese lexicográfico.

Vemos, pois, a dous frades do século XVIII empeñados na tarefa do estudo do galego, tarefa na que evidentemente non estiveron sós, tal como se desprende dalgúns datos que emerxen por entre as liñas dos seus propios escritos. O P. Sobreira ten noticias dunha “Disertación sobre el origen de la lengua gallega” da que é autor Lucas Labrada, e nunha ocasión alude á falta de perseveranza de persoas que se xuntaran en faladoiros en Santiago para facer un dicionario galego. Tamén Murguía fala da Academia fundada por unhas damas compostelás consagrada ao estudo da lingua galega. De todos os xeitos eses estudos non foron publicados no seu tempo e perderon toda a potencial eficacia, que descubrimos hoxe na súa lectura. De non andar polo medio a obsesión teimuda de Sarmiento para impedir a publicación da súa obra, quizais non houbera que agardar ata as últimas décadas para entrever o que se debuxa actualmente como unha futura e fecunda escola de estudos de lingüística galega.

Entre os mestres desta escola ocupa un lugar destacado J. L. Pensado, catedrático de Filoloxía Románica na Universidade de Salamanca, que hai tempo vén rescatando das tebras a obra lingüística do P. Sarmiento. Na súa conta figuran xa as edicións críticas de “Colección de voces y frases gallegas”, “Catálogo de voces y frases de la lengua gallega”, “Discurso apologético por arte de rastrear las más oportunas

etimoloxías de las voces vulgares”, ademais dos traballos “Los estudios gallegos de Sarmiento: su estructura”, “Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas” e “Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo”. Agora hai que engadirlle estes “Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII”, que conteñen a edición e comentario das obras de Sarmiento e do P. Sobreira das que falamos ao comezo.

Dos tres traballos que contén o volume, o máis interesante, sen dúbida, é o “Ensayo para la Historia General Botánica de Galicia”, de Sobreira, e sobre todo as cen páxinas de comentarios que Pensado dedica á riqueza da fitonimia galega alí contida. Nelas pásase revista a un gran número de palabras, algunhas curiosísimas, a maioría das cales non figuran, polo menos nalgunha das súas acepcións, nos dicionarios galegos. Como o mesmo Pensado indica, o texto ten un valor excepcional para a lexicografía botánica, e dá unha idea da riqueza do vocabulario galego que se refire a esta ciencia. Cando apareza o terceiro tomo das “Obras lingüísticas del Padre Sarmiento”, que vai conter o “Catálogo de Voces Vulgares y en especial de Voces Gallegas de diferentes Vegetales”, que el mesmo prepara, entón “quedarán la fitonimia galega ocupando un puesto privilegiado dentro de la lingüística peninsular”. E a cultura galega terá recobrado o fío condutor que leva ata unha posibilidade que se choeu alí no século XVIII, pero que grazas a obras como esta do Profesor Pensado, reaparece agora, non perdida completamente aínda.

* * *

ⁱ J. L. Pensado, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Fundación Penzol, Galaxia, Vigo, 1974.